

## 3.2. Cobertura social e prestacións económicas

AS OBRIGAS CONTRAÍDAS POLAS ENTIDADES XESTORAS E TESORERÍA GENERAL DA SEGURIDADE SOCIAL EN Galicia ascenderon a 6.197,0 millóns de euros, en tanto que os seus dereitos recoñecidos netos acadaron os 4.313,8 millóns de euros.

No último ano, o número total de beneficiarios dalgún tipo de prestacións económicas medrou en torno ás 2.800 persoas, acadando as 842.200 persoas. Este incremento ven explicado fundamentalmente polo aumento do número de beneficiarios das pensións contributivas e, en menor medida, polo das prestacións por desemprego.

Un ano máis, o importe medio das pensións contributivas segue a ser o máis baixo das dezasete Comunidades Autónomas. Asemade, hai que destacar que este problema se agrava dado o novo incremento do diferencial coa media estatal.

Tendo en conta que hai un capítulo específico dedicado ao estudio das prestacións sanitarias e sociais [3.3.- **Prestacións sanitarias e sociais**], neste capítulo se analizan en primeiro lugar, o financiamento e a cobertura social do Estado, para posteriormente centrarse nas prestacións económicas dos distintos beneficiarios dalgún tipo de prestación: pensións contributivas, pensións non contributivas, prestacións por desemprego e renda de integración social.

### Financiamento e cobertura social do Estado

O número de persoas afiliadas á Seguridade Social en 2007 (media anual) [cadro 2.1.1.- Traballadores afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2006-07] experimentou un crecemento do 3,6% respecto ao ano anterior (37,6 miles de afiliacións máis), para acadar as 1.070,1 miles de persoas afiliadas. A meirande parte destas afiliacións corresponden ao grupo do réxime xeral, que acolle [cadro 2.1.2.- Traballadores en alta laboral 2006-07: distribución segundo réximes] ao 73,0% do total de afiliacións (780.981 traballadores), seguido do réxime especial de autónomos cun 17,8% das mesmas (190.493 persoas).

## Obrigas contraídas e dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General de la Seguridad Social en Galicia 2007: distribución segundo réximes

	Dereitos recoñecidos	Obrigas contraídas	Diferencial
	(en €)		
Réxime Xeral	3.493.535.294,93	3.457.543.265,5	35.992.029
Réxime especial de traballadores autónomos	569.827.201,53	542.474.440,8	27.352.761
Réxime especial agrario	93.253.997,01	1.369.787.942,7	-1.276.533.946
Réxime especial de traballadores do mar	91.997.641,47	515.851.635,8	-423.853.994
Réxime especial da minaría do carbón	2.219.781,67	23.357.794,4	-21.138.013
Réxime especial de empregados de fogar	33.762.747,20	104.892.811,2	-71.130.064
Accidentes de traballo e enferm. profesionais	29.179.323,22	183.066.830,5	-153.887.507

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

## 3.2.1.

## Dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General de la Seguridad Social 2007

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en €)				
<b>Cotizacións sociais</b>	4.697.640.066,49	2.039.304.460,06	511.737.839,63	466.731.568,82	1.679.866.197,98
Réxime Xeral	3.493.535.294,93	1.548.147.932,17	350.904.337,73	338.866.200,38	1.255.616.824,65
Réxime especial de traballadores autónomos	569.827.201,53	231.876.744,62	70.751.042,64	72.195.077,57	195.004.336,70
Réxime especial agrario	93.253.997,01	33.447.302,51	34.713.979,52	9.023.040,74	16.069.674,24
Réxime especial de traballadores do mar	91.997.641,47	28.482.572,77	9.127.559,26	13.679,81	54.373.829,63
Réxime especial da minaría do carbón	2.219.781,67	2.003.155,99	77.772,58	72.310,04	66.543,06
Réxime especial de empregados de fogar	33.762.747,20	13.700.594,93	4.687.762,35	5.002.824,71	10.371.565,21
Accidentes de traballo e enferm. profesionais	29.179.323,22	12.979.901,64	4.012.574,45	2.943.763,11	9.243.084,02
Cotizacións de desempregados	383.864.079,46	168.666.255,43	37.462.811,10	38.614.672,46	139.120.340,47
<b>Taxas e outros ingresos</b>	42.213.169,84	17.505.201,13	5.556.132,40	4.524.360,28	14.627.476,03
Transferencias correntes	1.355.205,08	777.262,08	253.964,22	117.759,25	206.219,53
Ingresos patrimoniais	364.007,54	318.361,89	22.704,23	5.136,56	17.804,86
Enaxenación de investimentos reais	682.049,96	681.869,96	180,00	0,00	0,00
Activos financeiros	449.685,42	167.676,92	65.511,68	59.977,26	156.519,56
<b>Totais</b>	<b>4.742.704.184,33</b>	<b>2.058.754.832,04</b>	<b>517.636.332,16</b>	<b>471.438.802,17</b>	<b>1.694.874.217,96</b>

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

## 3.2.2.

## Obrigas contraídas polas entidades xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social 2007

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en miles de €)				
<b>Gastos de persoal</b>	86.273,0	36.138,5	12.536,4	9.702,2	27.895,9
<b>Gastos correntes en bens e servizos</b>	16.278,0	6.654,4	1.839,8	1.512,8	6.271,0
<b>Gastos financeiros</b>	38,0	9,8	0,6	15,5	12,1
<b>Transferencias correntes</b>	6.285.935,2	2.436.875,4	949.541,3	844.419,5	2.055.099,1
<b>Pensións</b>	5.869.260,4	2.258.831,2	903.986,1	807.991,6	1.898.451,5
Pensións de invalidez	706.321,1	276.494,2	89.724,0	94.810,1	245.292,9
Pensións de xubilación	3.995.007,1	1.510.556,4	650.680,7	562.996,9	1.270.773,1
Pensións de viuvez	1.057.272,2	427.142,9	149.876,4	134.673,4	345.579,4
Pensións de orfandade	82.642,6	34.215,7	10.398,3	9.918,9	28.109,7
Pensións a favor de familiares	28.017,4	10.422,1	3.306,6	5.592,3	8.696,4
<b>Incapacidade temporal</b>	232.521,1	84.692,8	27.705,6	20.678,0	99.444,7
Recargos por falta de medidas seguridade e hixiene	2.889,1	1.439,3	302,8	325,5	821,5
Prestación por maternade e risco no embarazo	72.318,3	32.099,8	6.284,2	6.205,2	27.729,2
Prestacións familiares	72.852,2	30.457,6	9.943,0	8.039,5	24.412,1
Outras prestacións, indemnizacións e entregas únicas	7.964,8	5.119,9	670,7	705,6	1.468,6
Prestacións sociais	28.116,4	24.234,2	648,8	471,1	2.762,3
Outras prestacións e indemnizacións	12,7	0,7	-	2,9	9,2
<b>Investimentos reais</b>	6.638,2	5.544,4	495,2	58,3	540,3
<b>Activos financeiros</b>	432,8	156,9	79,3	47,3	149,3
<b>Pasivos financeiros</b>	49,9	49,9	-	-	-
<b>Total</b>	<b>6.395.645,0</b>	<b>2.485.429,2</b>	<b>964.492,6</b>	<b>855.755,5</b>	<b>2.089.967,7</b>

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

## 3.2.3.

Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en Galicia 2007: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Traballo e Entf. Profesional	Non Contributiva	Total
<b>Pensións</b>	3.002.481,053	505.867,775	1.352.139,992	492.938,865	23.141,803	98.396,815	173.116,776	221.177,332	5.869.260,411,8
Invalidez permanente	370.059,625	63.161,758	55.612,879	42.508,690	1.551,871	7.850,246	75.038,646	90.537,415	706.321,131,0
Xubilación	1.995.779,535	343.988,156	1.045.667,009	339.984,562	16.631,569	86.900,181	35.415,347	130.639,917	3.995.007,095,6
Viuvez	589.307,931	91.720,155	211.476,867	101.912,282	4.685,459	2.896,638	55.312,822	-	1.057.272,153,1
Orfandade	37.975,524	5.981,373	25.307,460	6.732,844	213,736	552,265	5.879,432	-	82.642,634,5
Favor de familiares	9.358,439	1.016,332	14.074,977	1.800,467	59,169	237,485	1.470,529	-	28.017,397,7
<b>Subsidios</b>	455.062,213	36.606,665	17.647,951	22.912,771	215,991	6.495,996	9.950,054	72.852,223	381.394,819,3
Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente	156.168,078	28.457,354	14.458,841	22.125,908	6,307	5.769,378	5.535,283	-	232.521,149,0
Compensación por colab. de empresas	154.513,341	28.457,354	14.458,841	22.125,908	6,307	5.769,378	5.535,283	-	230.866,411,5
Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene	1.654,738	-	-	-	-	-	-	-	1.654,737,5
Maternidade	232.521,149	2.584,878	2.584,878	182,185	182,185	122,036	122,036	-	2.889,098,4
Subsidio temporal por maternidade	60.719,853	5.149,403	355,360	509,367	26,868	595,954	20,643	-	67.377,448,3
Subsidio temporal por risco no embarazo	602,397	5.126,055	342,560	501,145	1,001	595,954	20,643	-	66.704,815,3
Prestacións familiares	4.501,659	333,483	15,382	68,387	25,867	288	21,696	-	72.852,223,0
Fillo a cargo	4.501,659	333,483	15,382	68,387	-	288	21,696	-	10.477,287,6
Id. con discapacidade	-	-	-	-	-	-	-	-	61.496,246
Nacemento de fillo	-	-	-	-	-	-	-	-	156,055
Parto múltiple	-	-	-	-	-	-	-	-	722,635
Outras prestacións	1.151,473	81,548	233,490	26,925	631	8,339	4.250,396	-	5.754,899,7
Prestacións asumibles pola Seguridade Social	-	-	-	-	-	-	-	-	1,9
Auxilio por detención	160,257	43,302	156,440	26,925	631	8,339	2,705	-	398,598,3
Indemnización a tanto alzado	813,945	32,834	77,050	-	-	-	791,065	-	1.714,893,4
Por baremo	-	-	-	-	-	-	3.117,516	-	3.117,516,4
Prestacións complementarias D. Transit. Ley 21/1986.S	-	-	-	-	-	-	-	-	2,095,5
Outras	177,272	5,412	-	-	-	-	339,111	-	521,794,3
<b>Prestacións sociais</b>	-	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Total</b>	3.457.543,265	542.474,441	1.369.787,943	515.851,636	23.357,794	104.892,811	183.066,831	294.029,555	6.250.655,230,2

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

3.2.4.

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.**
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Antes da análise máis polo miúdo dos dereitos recoñecidos e das obrigas contraídas pola Tesorería General, cómpre salientar a existencia dun novo diferencial teórico positivo no caso do réxime xeral e do réxime especial de traballadores autónomos (36,0 e 27,4 millóns de euros, respectivamente). Esta diferenza é negativa no resto dos réximes, salientando o réxime especial agrario, cun saldo negativo de 1.276,5 millóns de euros, e o dos traballadores do mar, con 323,9 millóns de euros.

Os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General da Seguridade Social en Galicia, **cadro 3.2.2.**, acadaron os 4.742,7 millóns de euros, dos que 4.697,6 millóns corresponden ás cotizacións sociais. Trala medra experimentada en 2007 nas catro provincias galegas, mantense a súa importancia relativa no total de Galicia, de tal xeito que A Coruña acolle o 43,4% dos dereitos recoñecidos netos (2.058,8 millóns de euros) e Pontevedra, o 35,7% (1.694,9 millóns de euros). En Lugo e Ourense estas porcentaxes foron do 10,9% (517,6 millóns de euros) e o 9,9% (471,4 millóns de euros), respectivamente.

Desagregando as cotizacións sociais segundo réxime de aplicación en Galicia, o **cadro 3.2.2.** reflicte que as máis importantes son as do réxime xeral, con 3.493,5 millóns de euros (o 74,4% do total das cotizacións sociais), seguíndolle en importancia as do réxime especial de traballadores autónomos, con 569,8 millóns de euros (12,1%) e as cotizacións de desempregados, con 383,9 millóns (8,2%).

O importe total das **obrigas contraídas** en Galicia polas entidades xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social ascendeu a 6.395,6 millóns de euros, dos que 6.285,9 millóns (o 98,3%) corresponden ás transferencias correntes. Ao igual que no caso dos dereitos recoñecidos, todas as provincias presentan unha medra das súas obrigas contraídas, sendo A Coruña a que as ten máis elevadas, con 2.485,4 millóns de euros (o 38,9% do total galego), seguido de Pontevedra, con 2.090,0 millóns (32,7%), e Lugo e Ourense, con 964,5 (o 15,1%) e 855,8 millóns de euros (13,4%), respectivamente.

Centrándonos nas transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro, o **cadro 3.2.4.** reflicte que as máis importantes seguen sendo as do réxime xeral e o agrario, con 3.457,5 e 1.369,8 millóns de euros, respectivamente. Esta mesma situación rexístrase nas distintas provincias galegas agás en Lugo, onde o réxime especial agrario segue presentando unhas obrigas recoñecidas superiores ás do réxime xeral.

As pensións por xubilación son as que presentan un maior volume de obrigas recoñecidas, con 3.995,0 millóns de euros, seguidas das pensións de viuvez, con 1.057,3 millóns de euros. No caso dos subsidios, os de incapacidade temporal son os máis importantes, con 232,5 millóns de euros.

### Prestacións económicas

O número total de beneficiarios dalgún tipo de prestación ascendeu en Galicia a 842.200 persoas, un 0,3% máis que no ano anterior. O incremento de 2.800 persoas ven explicado fundamentalmente pola medra experimentada no caso dos beneficiarios de pensións contributivas, e en menor medida, polo das prestacións por desemprego.

#### ● Pensións contributivas

O número medio (anual) de beneficiarios en Galicia que, no ano 2007, cobraba algún tipo de pensión da Seguridade Social situouse nas 702.400 persoas, ascendendo o seu importe medio a 562,19 euros por persoa. O número de pensións en Galicia rexistrou unha medra do 0,7% respecto ao ano anterior (1,3% no conxunto do Estado), manténdose a súa importancia relativa no total estatal no 8,5%.

Galicia segue sendo a quinta comunidade con maior número de pensións, sendo superada por Cataluña, Andalucía, Madrid e a C. Valenciana. Asemade, non só continúa a ser a Comunidade Autónoma co importe medio máis baixo, senón que volve a medrar o diferencial co importe medio estatal: 111,50 euros inferior en 2007 fronte aos 106,76 euros menos no ano anterior.

**Beneficiarios e importe medio das prestacións 2006-07: distribución segundo tipo de cobertura**

	2006		2007	
	número <i>(en miles de prestacións)</i> <i>(media anual)</i>	importe medio <i>(en €)</i> <i>(media mensual)</i>	número <i>(en miles de prestacións)</i> <i>(media anual)</i>	importe medio <i>(en €)</i> <i>(media mensual)</i>
<b>Pensións contributivas</b>	697,6	535,10	702,4	562,19
Incapacidade permanente	64,1	626,26	65,8	650,98
Xubilación	432,6	590,74	433,8	622,53
Viuvez	175,5	399,76	177,6	417,86
Orfandade e favor familiar	25,4	292,22	25,1	308,55
<b>Pensións non contributivas</b>	53,4		51,7	
Invalidez	20,9		19,9	
Xubilación	32,5		31,9	
<b>LISMI</b>	2,7		2,3	
<b>Pensións asistenciais</b>	0,1		0,1	
<b>Prestacións por desemprego</b>	79,2		79,4	
Contributivas	44,6		42,9	
Subsidios	29,8		30,8	
Renta activa de inserción	4,8		5,7	
<b>RISGA</b>	<i>(beneficiarios a 31-12)</i> 4,225	<i>(media anual)</i> 323,47	<i>(beneficiarios a 31-12)</i> 4,178	<i>(media anual)</i> 359,92
<b>Axudas de emerxencia social</b>	2,123	1.187,22	2,074	1.242,16

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *Ministerio de Trabajo e Inmigración* e da *Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais*

**3.2.5.**

Desagregando o estudo segundo os diferentes tipos de pensións, o **cadro 3.2.6.** reflicte que o número de pensións de incapacidade permanente en Galicia foi de 65,8 miles de pensións (64,1 miles de pensións en 2006). O seu importe medio ascendeu ata os 650,98 euros, 109,73 euros inferior á media estatal, o que o sitúa coma a terceira comunidade co importe medio máis baixo, por diante de Murcia, con 630,88 euros, e Extremadura, con 620,37 euros.

Respecto ás pensións por xubilación e viuvez, estas ascenderon a 433,8 e 177,6 miles de pensións, respectivamente, o que representa o 8,9% do total das pensións de xubilación de España e o 8,0% das pensións de viuvez. Os seus importes medios son os máis baixos do Estado con 622,53 e 417,86 euros, respectivamente, e ao igual que no caso das pensións de incapacidade permanente, aumenta o diferencial coa media estatal.

Canto á distribución segundo réximes, os datos recollidos no **cadro 3.2.7.** indican que os réximes xeral e agrario (conta propia) acollen o maior número de pensións, con 289.437 e 221.831 pensións, respectivamente, situándose as súas pensións medias en 708,88 e 411,58 euros, respectivamente. No réxime especial de traballadores autónomos, o número de pensións ascendeu a 75.665 e o seu importe medio, a 471,82 euros.

Comparado co resto das CC.AA., Galicia é a segunda comunidade con menor importe medio no caso do réxime xeral e do réxime especial agrario por conta propia, por detrás de Extremadura e Melilla, respectivamente. No caso do réxime especial de traballadores autónomos, o importe medio galego tan só é superior ao rexistrado en Canarias e Baleares.

Atendendo á evolución respecto ao ano anterior, rexístrase un novo incremento do número de pensións contributivas en Galicia en tódolos réximes agás nos agrarios (conta propia e allea) e no seguro obrigatorio de velez e invalidez (SOVI). No concernte aos importes medios, estes medran nos diferentes réximes, se ben estes incrementos son inferiores aos rexistrados no conxunto do Estado (agás no R.E. agrario, conta allea). Tendo en conta os tres grandes réximes no que ao número de pensións se refire, o diferencial máis importante é o rexistrado no caso do réxime xeral, que medra 6,16 euros menos que no conxunto do Estado, fronte aos 2,27 euros menos do R.E. agrario (conta propia) e os 1,13 euros menos no caso do R.E. de traballadores autónomos.

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.**
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

## Pensións da Seguridade Social nas CC.AA. 2006-07: beneficiarios e importe medio segundo clase de pensión

(número, medias anuais, en miles de pensións)  
(importe medio, en €)

2006

	Totais		Incapacidade permanente (1)		Xubilación		Viuvez		Orfandade e favor familiar	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
Andalucía	1.296,0	592,92	191,4	691,42	689,1	664,00	354,2	455,96	61,2	277,12
Aragón	270,0	661,04	22,3	806,79	166,4	734,14	73,3	488,04	8,0	320,03
Asturias	288,6	777,89	34,4	920,61	161,4	902,71	83,2	523,61	9,5	365,41
Baleares	156,1	580,55	18,9	668,68	91,4	428,56	41,1	428,56	4,8	254,33
Canarias	228,3	602,82	27,4	649,43	120,5	703,89	66,1	470,20	14,3	275,34
Cantabria	125,4	666,32	12,9	791,45	73,9	753,16	33,9	480,28	4,7	324,93
Castela-A Mancha	325,5	590,52	31,1	661,43	189,8	658,77	91,1	468,30	13,5	292,81
Castela e León	573,6	620,11	42,6	754,72	355,7	690,63	154,5	461,54	20,8	316,36
Cataluña	1.455,0	661,54	156,1	752,23	892,3	370,7	482,29	35,9	291,85	
C. Valenciana	815,6	586,98	83,6	671,05	479,3	654,10	223,4	452,19	29,3	277,15
Extremadura	199,6	544,26	20,1	595,70	110,7	607,50	58,9	452,35	9,9	281,11
<b>Galicia</b>	<b>697,5</b>	<b>535,10</b>	<b>64,1</b>	<b>626,26</b>	<b>432,6</b>	<b>590,74</b>	<b>175,5</b>	<b>399,76</b>	<b>25,4</b>	<b>292,22</b>
Madrid	874,8	762,83	64,6	847,39	536,9	876,80	242,7	543,86	30,6	322,16
Murcia	209,7	567,12	29,2	640,70	116,6	640,96	55,1	438,97	8,8	271,36
Navarra	110,9	718,08	10,6	882,20	68,5	801,56	28,0	503,91	3,7	322,68
País Vasco	464,4	806,10	42,9	947,83	279,9	916,89	125,5	568,00	16,1	357,30
A. Ríoxa	60,2	612,55	5,7	720,45	37,7	670,04	15,1	462,57	1,8	312,29
Ceuta e Mellilla	14,3	680,74	1,8	872,68	6,7	820,11	4,7	501,77	1,1	269,53
<b>Total</b>	<b>8.165,3</b>	<b>641,86</b>	<b>859,8</b>	<b>731,55</b>	<b>4.809,3</b>	<b>722,71</b>	<b>2.196,9</b>	<b>476,70</b>	<b>299,3</b>	<b>297,47</b>
G/E (%)	8,5		7,5		9,0		8,0		8,5	

2007

	Totais		Incapacidade permanente		Xubilación		Viuvez		Orfandade e favor familiar	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
Andalucía	1.312,9	621,84	198,2	717,66	694,7	698,27	359,5	476,64	60,5	293,36
Aragón	272,4	695,32	22,8	836,92	167,7	774,25	73,9	511,30	8,0	335,35
Asturias	290,7	814,61	35,2	949,50	162,2	943,74	83,9	547,11	9,3	385,24
Baleares	157,5	609,20	18,9	694,68	92,4	681,74	41,6	447,71	4,7	268,74
Canarias	234,3	632,63	28,7	675,30	123,6	739,70	67,6	491,31	14,3	290,56
Cantabria	126,5	700,28	13,4	816,48	74,2	792,77	34,3	502,73	4,6	344,69
Castela-A Mancha	328,0	622,51	32,8	689,31	189,6	696,44	92,1	492,18	13,5	310,15
Castela e León	576,3	651,26	43,0	776,21	356,8	727,67	155,8	483,79	20,8	333,80
Cataluña	1.477,5	694,25	161,8	790,94	904,7	771,47	375,4	503,24	35,5	306,88
C. Valenciana	829,8	616,45	87,5	700,26	486,5	687,81	228,5	472,74	29,3	291,87
Extremadura	200,6	572,13	20,9	620,37	110,4	640,32	59,5	474,19	9,9	297,69
<b>Galicia</b>	<b>702,4</b>	<b>562,19</b>	<b>65,8</b>	<b>650,99</b>	<b>433,8</b>	<b>622,93</b>	<b>177,6</b>	<b>417,96</b>	<b>23,1</b>	<b>308,95</b>
Madrid	692,7	789,39	67,5	873,27	549,1	919,14	246,6	567,75	30,0	338,27
Murcia	212,1	593,77	29,8	630,68	117,3	672,32	56,1	456,50	8,6	284,53
Navarra	113,0	755,56	10,8	913,09	70,2	845,10	28,4	527,73	3,7	338,69
País Vasco	471,9	843,02	43,9	984,04	285,1	988,62	127,0	592,91	15,8	375,52
A. Ríoxa	61,1	642,78	5,7	748,63	38,3	704,78	15,3	484,46	1,7	323,05
Ceuta e Mellilla	14,3	711,18	1,8	902,89	6,7	856,78	4,8	526,30	1,1	286,95
<b>Total</b>	<b>8.273,9</b>	<b>673,69</b>	<b>888,8</b>	<b>760,71</b>	<b>4.863,3</b>	<b>760,00</b>	<b>2.225,5</b>	<b>498,30</b>	<b>296,4</b>	<b>313,49</b>
G/E (%)	8,5		7,4		8,9		8,0		8,5	

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

## ● Pensións non contributivas

3.2.6.

**Pensións contributivas da Seguridade Social en Galicia e España a 31 de decembro de 2006-07:  
beneficiarios e importe medio segundo réxime**

(número: medias anuais, en miles de pensións)  
(importe medio: en €)

2006

	Galicia		España		Galicia / España	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
					(%)	
Réxime Xeral	281.473	675,28	4.636.724	778,19	6,1	86,8
R. E. de traballadores autónomos	73.382	447,98	996.464	474,85	7,4	94,3
R. E. Agrario, conta propia	227.576	395,24	798.328	419,87	28,5	94,1
R. E. Agrario, conta allea	6.343	413,48	657.049	436,94	1,0	94,6
R. E. de Traballadores do Mar	49.990	652,22	130.892	717,95	38,2	90,8
R. E. da Minería do Carbón	1.616	952,35	70.960	1.156,08	2,3	82,4
R. E. de Empregados de Fogar	16.151	402,93	193.165	407,28	8,4	98,9
Accidentes de Trabajo e enfermidades profesionais SOVI	20.051	614,52	246.602	710,34	8,1	86,5
<b>Total</b>	<b>697.497</b>	<b>539,15</b>	<b>8.165.336</b>	<b>647,26</b>	<b>8,5</b>	<b>83,3</b>

2007

	Galicia		España		Galicia / España	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
					(%)	
Réxime Xeral	289.437	708,88	4.745.559	817,95	6,1	86,7
R. E. de traballadores autónomos	75.665	471,89	1.022.445	499,89	7,4	94,4
R. E. Agrario, conta propia	221.831	411,58	779.327	438,48	28,5	93,9
R. E. Agrario, conta allea	6.265	431,37	652.081	453,31	1,0	95,2
R. E. de Traballadores do Mar	50.681	681,05	131.049	749,04	38,7	90,9
R. E. da Minería do Carbón	1.621	987,10	70.405	1.208,53	2,3	81,7
R. E. de Empregados de Fogar	16.241	419,68	190.459	424,24	8,5	98,9
Accidentes de Trabajo e enfermidades profesionais SOVI	20.205	-	247.837	-	8,2	-
<b>Total</b>	<b>702.445</b>	<b>567,45</b>	<b>8.273.939</b>	<b>681,46</b>	<b>8,5</b>	<b>83,3</b>

Fonte: Instituto Nacional de la Seguridad Social

3.2.7.

O número total de beneficiarios das **pensións non contributivas** volveu a descender no último ano tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. A Comunidade autónoma de Galicia segue a ser a terceira comunidade co maior número de beneficiarios, con 51.748 beneficiarios (o 10,9% do total de beneficiarios en España), despois de Andalucía e Cataluña, con 108.245 e 58.748 beneficiarios, respectivamente.

O 38,4% do total de beneficiarios o son de pensións de invalidez, e o restante 61,6%, a pensións de xubilación. Ao igual que o acontecido no ano anterior, o **cadro 3.2.8.** amosa o descenso tanto das pensións de invalidez (representa o 9,8% do total estatal) coma das pensións de xubilación (o 11,8% destas pensións no conxunto do Estado).

Ao longo do ano 2007 continúa a redución do número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e das pensións asistenciais. No primeiro caso, tal e como reflicte o **cadro 3.2.9.**, volve a rexistrarse un descenso do número de beneficiarios en tódalas comunidades autónomas, que no caso galego, foi do 12,3% respecto a 2006 (330 beneficiarios menos), un punto porcentual e medio inferior ao experimentado no conxunto do Estado.

O número de beneficiarios destas prestacións descendeu en Galicia ata os 2.349 beneficiarios (2.679 en 2006), diminuindo a súa importancia relativa no conxunto de España do 4,9% en 2006 ao 4,8% no 2007.

1.1.  
1.2.  
1.3.  
1.4.  
1.5.  
1.6.  
2.1.  
2.2.  
2.3.  
3.1.  
3.2.  
3.3.  
3.4.  
3.5.  
3.6.  
4.1.  
4.2.

## Pensións non contributivas nas CC.AA. 2006-07: beneficiarios

	Beneficiarios totais			Invalidez (1)			Xubilación		
	2006	2007	07/06	2006	2007	07/06	2006	2007	07/06
	(en medias anuais)		(%)	(en medias anuais)		(%)	(en medias anuais)		(%)
Andalucía	109.608	108.245	-1,2	46.805	46.655	-0,3	62.804	61.590	-1,9
Aragón	9.526	9.163	-3,8	3.065	3.029	-1,2	6.462	6.134	-5,1
Asturias	11.128	10.932	-1,8	5.322	5.257	-1,2	5.807	5.675	-2,3
Baleares	7.926	7.893	-0,4	3.583	3.619	1,0	4.343	4.274	-1,6
Canarias	42.133	42.219	0,2	19.526	19.560	0,2	22.607	22.659	0,2
Cantabria	6.273	6.209	-1,0	3.060	3.071	0,4	3.214	3.138	-2,4
Castela-A Mancha	23.062	22.362	-3,0	9.027	9.000	-0,3	14.035	13.362	-4,8
Castela e León	26.943	26.138	-3,0	11.051	10.847	-1,8	15.891	15.291	-3,8
Cataluña	59.352	58.748	-1,0	25.558	25.476	-0,3	33.795	33.272	-1,5
C. Valenciana	47.796	47.147	-1,4	20.602	20.278	-1,6	27.195	26.869	-1,2
Extremadura	16.685	16.329	-2,1	6.118	6.122	0,1	10.567	10.208	-3,4
<b>Galicia</b>	<b>52.956</b>	<b>51.748</b>	<b>-2,3</b>	<b>20.435</b>	<b>19.862</b>	<b>-2,8</b>	<b>32.521</b>	<b>31.886</b>	<b>-2,0</b>
Madrid	34.009	33.778	-0,7	13.664	13.701	0,3	20.344	20.078	-1,3
Murcia	15.006	14.737	-1,8	7.618	7.540	-1,0	7.388	7.197	-2,6
Navarra	3.049	2.984	-2,1	1.005	1.000	-0,5	2.044	1.985	-2,9
País Vasco	9.941	9.858	-0,8	5.323	5.382	1,1	4.618	4.477	-3,1
A Rioxa	2.074	1.999	-3,6	865	829	-4,2	1.208	1.170	-3,1
Ceuta e Melilla	4.296	4.317	0,5	2.218	2.212	-0,3	2.078	2.105	1,3
<b>Total</b>	<b>481.763</b>	<b>474.806</b>	<b>-1,4</b>	<b>204.845</b>	<b>203.440</b>	<b>-0,7</b>	<b>276.921</b>	<b>271.370</b>	<b>-2,0</b>
G/E (%)	11,0	10,9		10,0	9,8		11,7	11,8	

(1) Dende xaneiro de 2001 os beneficiarios de pensións de invalidez, con 65 ou máis anos, pasan a percibir a pensión de xubilación  
Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

## 3.2.8.

## Beneficiarios das prestacións sociais e económicas da LISMI e das pensións asistenciais nas CC.AA. 2006-07

	LISMI			Pensións asistenciais		
	2006	2007	07/06	2006	2007	07/06
	(en medias anuais)		(%)	(en medias anuais)		(%)
Andalucía	10.185	8.948	-12,1	12.660	11.211	-11,4
Aragón	1.518	1.376	-9,4	107	81	-24,3
Asturias	1.835	1.589	-13,4	118	90	-23,7
Baleares	471	399	-15,3	76	46	-39,5
Canarias	543	486	-10,5	3.585	3.295	-8,1
Cantabria	1.022	934	-8,6	131	108	-17,6
Castela-A Mancha	4.568	4.135	-9,5	1.828	1.579	-13,6
Castela e León	6.560	5.954	-9,2	297	194	-34,7
Cataluña	3.473	2.823	-18,7	478	180	-62,3
C. Valenciana	5.304	4.693	-11,5	2.705	2.358	-12,8
Extremadura	4.414	4.025	-8,8	1.121	953	-15,0
<b>Galicia</b>	<b>2.679</b>	<b>2.349</b>	<b>-12,3</b>	<b>122</b>	<b>85</b>	<b>-30,3</b>
Madrid	4.193	3.822	-8,8	2.225	1.898	-14,7
Murcia	7.021	6.246	-11,0	753	627	-16,7
Navarra	-	-	-	114	86	-24,6
País Vasco	-	-	-	1.357	1.341	-
A Rioxa	353	314	-11,0	14	14	0,0
Ceuta e Melilla	850	786	-7,5	168	137	-18,5
<b>Total</b>	<b>54.989</b>	<b>48.879</b>	<b>-11,1</b>	<b>27.859</b>	<b>24.283</b>	<b>-12,8</b>
G/E (%)	4,9	4,8		0,4	0,4	

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

## 3.2.9.



**Beneficiarios de prestacións por desemprego e paro rexistrado 2006-07**

	2006					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España (1)
Nivel contributivo	19.805	4.282	4.695	15.785	44.567	720,3
Nivel asistencial <i>(media mensual)</i>	11.618	3.323	4.441	10.459	29.840	558,7
Renta Activa de Inserción	1.889	533	774	1.609	4.805	51,3
<b>Total</b>	<b>33.311</b>	<b>8.138</b>	<b>9.910</b>	<b>27.853</b>	<b>79.212</b>	<b>1.330,4</b>
Paro rexistrado (1)	65,5	16,1	20,3	59,3	161,3	2.039,4
Benef.contr./Paro rexistr. <i>(%)</i>	30,2	26,5	23,1	26,6	27,6	35,3
Benef. subs./Paro rexistr.	17,7	20,6	21,9	17,6	18,5	27,4

  

	2007					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España (1)
Nivel contributivo	18.320	4.170	4.502	15.879	42.871	780,2
Nivel asistencial <i>(media mensual)</i>	12.701	3.310	4.501	10.297	30.809	575,7
Renta Activa de Inserción	2.217	619	945	1.890	5.671	65,6
<b>Total</b>	<b>33.238</b>	<b>8.099</b>	<b>9.948</b>	<b>28.066</b>	<b>79.351</b>	<b>1.421,5</b>
Paro rexistrado (1)	61,6	15,0	19,0	54,9	150,5	2.039,0
Benef.contr./Paro rexistr.	29,7	27,8	23,7	28,9	28,5	38,3
Benef. subs./Paro rexistr.	20,6	22,1	23,7	18,7	20,5	28,2

(1) os datos do paro rexistrado e os datos de beneficiarios para España están en miles  
 Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INEM e Ministerio de Trabajo e Inmigración

**3.2.10.**

En relación aos beneficiarios das **pensións asistenciais**, o devandito **cadro 3.2.9.** amosa que 2007 presenta unha caída do 30,3% respecto ao número de beneficiarios do ano anterior, pasando de 122 beneficiarios en 2006 aos 85 beneficiarios do ano 2007. O peso relativo destes beneficiarios no conxunto estatal mantense no 0,4% igual que en 2006.

● **Prestacións por desemprego**

O número total de beneficiarios por prestacións de desemprego, aumentou en 2007 en Galicia a un ritmo inferior ao rexistrado no conxunto do Estado. Os perceptores desta prestacións aumentaron un 0,2% respecto ao ano precedente (6,9% en España), acadando as 79.351 persoas. Un 54,0% dos beneficiarios cobrou as prestacións de nivel contributivo, correspondendo un 38,8%, a beneficiarios de prestacións de nivel asistencial e o 7,1% restante, á renda activa de inserción.

As prestacións de nivel asistencial corresponde ao 75% do salario mínimo interprofesional, que para 2007 foi de 570,60 euros ao mes (540,90 euros/mes en 2006).

O incremento de 139 beneficiarios das prestacións por desemprego é resultado dunha medra de 213 beneficiarios na provincia de Pontevedra e 38 beneficiarios na provincia de Ourense, que compensa a lixeira caída experimentada en A Coruña (73 beneficiarios menos) e Lugo (40 beneficiarios menos). Tras esta evolución, o número de beneficiarios de prestacións por desemprego en A Coruña situouse nas 33,2 miles de persoas, fronte ás 28,0 miles de persoas de Pontevedra, e os 9,9 e 8,1 miles de beneficiarios en Ourense e Lugo, respectivamente.

O **cadro 3.2.10.** reflicte un incremento da relación entre beneficiarios das prestacións contributivas e o paro rexistrado, que pasa do 27,6% de 2006 aos 28,5% do ano 2007, de igual xeito prodúcese un incremento da relación entre beneficiarios de subsidios e o paro rexistrado (18,5% no ano 2006 e 20,5% en 2007).

● **Renda de integración social**

O número total de beneficiarios da renda de integración social de Galicia (Risga) a 31 de decembro de 2007 situouse nas 4.178 persoas, 47 beneficiarios menos que na mesma data do ano anterior, das que 1.747 persoas perciben o subsidio básico e 2.104 beneficiarios o devandito subsidio básico máis un complemento familiar e/ou un complemento

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.**
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

**Risga e Axudas de Emerxencia Social 2007: beneficiarios e pagos**

	Beneficiarios		Importe total pagado		Importe medio	
	Beneficiarios da Risga	Concesións das AES	Risga	AES	Risga	AES
			(en €)		(en €)	
A Coruña	1.726	535	635.861,6	598.277,2	368,40	1.118,28
Lugo	387	303	135.006,8	442.607,1	348,85	1.460,75
Ourense	646	306	221.017,8	568.248,6	342,13	1.857,02
Pontevedra	1.419	930	511.860,7	967.110,8	360,72	1.039,90
<b>Total</b>	<b>4.178</b>	<b>2.074</b>	<b>1.503.746,8</b>	<b>2.576.243,6</b>	<b>359,92</b>	<b>1.242,16</b>

Fonte: Dirección Xeral de Acción Social

**3.2.11.****Resolución das solicitudes presentadas á Risga e ás AES 2006-07**

	2006			2007		
	totais	Risga	AES	totais	Risga	AES
Solicitudes a resolver presentadas no ano pendentes do ano anterior	6.269	2.865	3.404	5.875	2.564	3.311
	5.537	2.562	2.975	5.214	2.207	3.007
	732	303	429	661	357	304
Solicitudes resoltas estimadas	5.301	2.351	2.950	4.856	2.065	2.791
desestimadas	3.857	1.734	2.123	3.688	1.614	2.074
	1.444	617	827	1.168	451	717
Solicitudes present. / resoltas (%)	84,6	82,1	86,7	82,7	80,5	84,3

Fonte: Dirección Xeral de Acción Social

**3.2.12.****Risga e Axudas de Emerxencia Social 2006-07: solicitudes rexistradas nas delegacións provinciais**

	Risga		Axudas de emerxencia social		Total	
	2006	2007	2006	2007	2006	2007
A Coruña	1.059	937	826	851	1.885	1.788
Lugo	263	229	394	386	657	615
Ourense	320	254	517	520	837	774
Pontevedra	920	787	1.238	1.250	2.158	2.037
<b>Total</b>	<b>2.562</b>	<b>2.207</b>	<b>2.975</b>	<b>3.007</b>	<b>5.537</b>	<b>5.214</b>

Fonte: Dirección Xeral de Acción Social

**3.2.13.**

de inserción (327 persoas reciben outro tipo de subsidios ou complementos). Tendo en conta que esta renda beneficia á unidade familiar, e que esta está formada por unha media de tres persoas, o número de beneficiarios desta renda de integración ascendeu no último ano a 12.534 galegos.

No que ao perfil xeral dos preceptores da Risga en 2007 se refire, o informe sobre a aplicación e avaliación da lei galega de medidas básicas para a inserción social indica que este é o de "unha muller de entre 25 e 44 anos, solteira ou separada con cargas familiares que vive en zona urbana, soa ou coa súa familia nuclear nun piso de aluguer ou cedido en precario. O nivel de estudos é de primarios incompletos e atópase parada aínda que non en búsqueda do seu primeiro emprego".

Ao igual que en anos anteriores, cómpre salientar o predominio do sexo feminino (66,1% dos beneficiarios), da residencia en núcleos de máis de 50.000 habitantes (o 52,7%), e das persoas beneficiarias con idades comprendidas entre 25 e 44 anos (54,2%). En xeral, o nivel de estudos destes preceptores é moi baixo, xa que un 50,7% dos mes-

mos só teñen os estudos primarios incompletos, un 35,8% estudos primarios e un 3,9% carecen de estudos. Asemade, no relativo á súa problemática básica cómpre salientar o desemprego (o 85,9% dos perceptores), acadando un 84,8% as persoas beneficiarias da Risga son persoas paradas que traballaron algunha vez.

O **cadro 3.2.11.** reflicte que o importe total pagado no caso da Risga ascendeu a 1.503,7 miles de euros, polo que dado o número de beneficiarios, o importe medio por beneficiarios ascendeu a 359,9 euros (323,47 euros no ano anterior).

Das 2.564 solicitudes a resolver no último ano (357 pendentes do ano anterior), foron resoltas 2.065 solicitudes (1.614 estimadas e 451 denegadas), manténdose a porcentaxe de resolución de solicitudes lixeiramente por riba do 80%, esta porcentaxe diminuíu en 1,5 puntos porcentuais en relación co ano 2006 (**cadro 3.2.12.**).

Dos distintos proxectos dirixidos a persoas beneficiarias da Risga, máis da metade (52,3%) foron de tipo mixto, é dicir, que conlevan accións tanto dos proxectos sociofamiliares como dos prelaborais. Un 22,9% inciden en proxectos prelaborais, ou deseñados coa finalidade de favorecer as condicións de acceso ao emprego, e un 17,7% en proxectos sociofamiliares.

En canto ás axudas de emerxencia social, concedéronse un total de 2.074 AES, o que implicou un gasto de 2.576,3 miles de euros. A contía media destas axudas ascendeu a 1.242,16 euros, oscilando o mesmo entre os 1.039,90 euros de Pontevedra e os 1.857,02 euros de Ourense.

No último ano houbo un total de 3.311 solicitudes de AES a resolver (304 pendentes do ano anterior), das que foron resoltas 2.791 solicitudes (2.074 estimadas e 717 denegadas). De igual xeito que sucede no caso da Risga, a porcentaxe de resolución destas axudas diminuíu no último ano en 2,4 puntos porcentuais, acadando en 2007 o 84,3%.

Das 2.074 axudas concedidas ao longo do ano 2007, o 45,9% dirixíronse á cubrir as necesidades primarias, e case a cuarta parte das axudas de emerxencia social (24,1%), para equipamento básico da vivenda.

Respecto ao perfil dos beneficiarios destas axudas de emerxencia social, cómpre salientar que case un 60% reside en núcleos de máis de 50.000 habitantes, o predominio do sexo feminino (o 67,5% son mulleres) e das persoas con idades comprendidas entre 25 e 44 anos (47,9% dos perceptores). No relativo á súa situación laboral, un 56,1% corresponde a parados que nalgún momento da súa traballaron e un 34,6% a inactivos, e no que á vivenda se refire, o tipo de vivenda característico é o piso (o 64,9%) seguido da vivenda unifamiliar (23,8%). Un 51,3% dos beneficiarios residen en vivenda alugada e un 23,5% reside en vivenda propia, dos que a maior parte teñen aboada a referida vivenda. Máis da metade dos beneficiarios das axudas ten os estudos primarios incompletos e máis da terceira parte, estudos primarios (51,9% e 35,8%, respectivamente). ■

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
<b>3.2.</b>
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.